

Epílogo

CASA E CUARTO

Pero que son o cuarto e a casa? Como poderíamos explicalos? Diríase que, na columna do haber de cada persoa consta unha casa, unha casa, polo menos unha, que estivo no ceo e non no inferno. Cando se menciona a palabra casa volve sempre a desprezarse esa noción, forxada nun tempo inesquecido, sobre unha figura que se encontraba soa e non obstante completa ante o mundo. Era inatacable. Era absoluta, redonda. Foi aquel lugar onde comprendemos sen paradoxos que poderíamos vivir xuntos. O cuarto, pola contra, atopase na columna do debe. Alí está inmerso nun presente continuo. Adulado pola súa mesma condición finita, cativo da intransixente emoción que provoca o acontecemento diario, a vida nel desenvólvese como un material nun taller pendente dunhas mans que o tallen. Mans obreiras entran e saen do cuarto para tallalo. Mans de obreiros e obreiras indo e vindo entre as catro paredes sen deixar por iso de seguir sendo soñadores de casas. Porque en deberse a un cuarto se detén unha casa.

Na casa Tacubaya, a obra do arquitecto Luís Barragán que ocupa as páxinas deste libro e cara quen Cruz López Viso dirixiu unha moi delicada atención, os dous substantivos, casa e cuarto, poderían chegar a formar parte dunha mesma cambra. Parece coma se houbera, no binomio que forman, unha fatalidade do inseparable. A casa e o cuarto son ditos, como quería Cesare Pavese, dunha vez por todas. Cada cuarto é enchido por unha atmosfera densa cedida pola casa, e esta, á súa vez, é ocupada por un pensamento vivo, un obrar vixilante, tallado cuarto por cuarto. Aquí un advirte ata que punto o sono da casa pertence a cada un dos cuartos e os necesita a todos como realidade sobre a que sosterse. É emocionante. A casa é demasiado grande, afastada; pero os pequenos e dilixentes cuartos do presente, deste presente parcial e pesado, parecen por un momento ter adquirido todo o dereito de mostrala como un sono unido á vida.

Luís Martínez Santa-María